




Pequeno sistema domótico de control da enerxía © R

Pontevedra  
**Máis de 200 fogares**

## pontevedreses xa recibiron o seu kit de eficiencia enerxética

 Por Redacción  
hai 23 horas



Pequeno sistema domótico de control da enerxía © R

243 familias pontevedresas solicitaron xa participar na proba piloto de eficiencia enerxética que a Deputación de Pontevedra puxo en marcha no marco do proxecto depoGAP. Esta iniciativa ten como obxectivo **sensibilizar á cidadanía do uso eficiente da enerxía nos fogares.**

Para o desenvolvemento desta proba é necesario instalar, en cada un dos fogares participantes, **un kit domótico que proporciona as ferramentas de control necesarias que permiten monitorizar e optimizar os consumos nos fogares.** Trátase dun contador de enerxía, un detector de apertura e peche de portas, un sensor de luminosidade e un medidor de consumo eléctrico.

Estes instrumentos, que **se instalan de forma gratuíta nos fogares**, encárganse de realizar as medidas de consumo enerxético nas vivendas, o que lle permite a cada participante consultar en tempo real o consumo enerxético no seu fogar durante un período de seis meses. **Pasados os meses do proxecto, retiraranse os equipos que se deixaron e estableceranse as conclusións oportunas.**

É importante destacar que as familias que participan nesta proba reciben unha formación previa cos conceptos e fundamentos prácticos necesarios. O obxectivo final desta proba é que cada familia extraa conclusións sobre os seus consumos enerxéticos, de maneira que poidan establecer medidas de aforro enerxético aplicables nos seus fogares.

44 técnicos especializados na materia encargáronse tanto da instalación dos equipos nos fogares participantes na proba como da **formación das familias colaboradoras**.

A posta en marcha deste proxecto, permite obter datos estatísticos sobre o gasto enerxético que **serán a base das guías de boas prácticas** que se queren elaborar para utilizar en futuras campañas de sensibilización enerxética.

## **O PROXECTO DEPOGAP**

Esta iniciativa pertence ao proxecto depoGAP, promovido pola Deputación de Pontevedra e **cofinanciado nun 70% a través de fondos europeos Feder**.

DepoGap pretende promover un novo modelo de xestión dos activos públicos a través das novas tecnoloxías contando coa colaboración e participación cidadá.

As familias que pertencen a un concello de menos de 50.000 habitantes e estén interesadas en unirse ao proxecto, aínda poden inscribirse na páxina web [www.depo.es/depoGap](http://www.depo.es/depoGap), páxina na que ademais se informa dos requisitos necesarios para adherirse a esta iniciativa.